



FUNCIONS DA FEDERACIÓN GALEGA DE BADMINTON

Son funcións da Federación Galega de Bádminton, en adiante FEGABAD, as que derivan do seu propio obxecto: promover, practicar e, en xeral, contribuír ao desenvolvemento do deporte do bádminton, no que se inclúe expresamente o parabádminton en todas as súas modalidades.

A FEGABAD exercerá as súas funcións públicas delegadas de forma directa, sen que poidan ser obxecto de delegación o exercicio por ningunha substitución, sen autorización da administración deportiva.

Ademais das funcións propias do seu ámbito de actuación privada, exerce, en virtude da lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, as funcións delegadas que se recollen no artigo 56.4 da devandita, actuando neste caso como axente colaborador da Administración baixo a súa tutela e coordinación. A FEGABAD exerce de forma específica as seguintes funcións:

- a) Promoción e desenvolvemento da práctica do bádminton, incluíndo minibádminton, parabádminton, bádminton inclusivo e airbádminton.
- b) Elaboración das normas técnicas da modalidade deportiva do bádminton e dirección e regulamento das actividades propias desta.
- c) Ditame de normas de aplicación específica ás/aos deportistas, podendo establecer listas e clasificacións destas/es.
- d) A potestade para determinar a súa propia organización interna e para ditar regulamentos no ámbito da súa competencia, conforme aos seus estatutos e disposicións legais vixentes.
- e) Desenvolvemento de programas de especialización do deporte do bádminton.
- f) Deseño, elaboración e execución dos plans de preparación de xogadores de alto nivel e as listas destas/es en colaboración coa Administración deportiva de Galicia e, se é o caso, coa Federación Española de Bádminton (FESBA).
- g) Colaboración coa Administración autonómica e cooperación coa FESBA, se é o caso, na formación de técnicos deportivos.
- h) Organización e dirección das competicións de carácter oficial ou cooficial que se desenvolvan no ámbito da Comunidade Autónoma, ao abeiro das normas e dos regulamentos autonómicos, nacionais e internacionais que sexan aplicables. Expedirá, para estes efectos, as correspondentes licenzas deportivas.
- i) A tutela, control e supervisión que sobre os seus propios asociados e asociadas lle recoñece o ordenamento xurídico deportivo.
- j) Exercicio da potestade disciplinaria nos termos establecidos na lexislación vixente, así como nos seus propios estatutos e regulamentos.
- k) Resolución en vía de recurso as impugnacións contra os acordos dos órganos dos clubs de bádminton adscritos á FEGABAD.



- l) Exercer, cando proceda, a certificación de méritos ou a supervisións das axudas oficiais que se lles asignen aos deportistas ou clubs de bádmiton a ela afiliados.
- m) Designación das e dos deportistas que integrarán a selección galega, para a cal os clubs deberán poñer a disposición da FEGABAD as/os deportistas elixidas/os.
- n) Representación de Galicia en actividades e competicións de carácter estatal ou supraestatal, celebradas dentro e fóra de Galicia, organizando a selección galega de bádmiton.
- o) Colaboración coa Administración deportiva de Galicia, os entes locais e as agrupacións deportivas escolares na organización e no desenvolvemento dos programas xerais do deporte do bádmiton na idade escolar (XOGADE).
- p) Execución das resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- q) Colaboración coa Administración deportiva de Galicia e outros órganos competentes da Administración autonómica na prevención, no control e na represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos no deporte e na prevención e no control da violencia no deporte.
- r) Poderá, ademais das súas propias atribucións, executar por delegación da Administración autonómica programas de promoción do badminton.
- s) Aqueloutras funcións que poida encomendarlle a Administración deportiva da Comunidade Autónoma.